



Expediente número: PLN/2020/12

**Sesión Ordinaria 12/2020 celebrada polo Pleno do
Concello o día 05 de novembro de 2020.**

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión Ordinaria 11/2020 do 24/09/2020
- 2.** Aprobación do Convenio en Materia Expropiatoria entre o Concello de Redondela e AUDASA Concesionaria Española S.A para a Execución do Proxecto de Construción: "Reposición de Viario en Chapela (T.M. de Redondela). Autopista AP-9. Tramo: Enlace de O Morrazo-Enlace de Teis". Clave: 19-PO-4920
- 3.** Aprobación da Modificación de Crédito MC 29/2020.SC 01/20 - Amortización Anticipada.
- 4.** Recoñecemento Extraxudicial de Créditos V/2020
- 5.** Aumento de Gratificacións VI/2020
- 6.** Aprobación de Subvención Nominativa Club de Remo de Chapela (XXIV Bandeira de Bateis).

ACTIVIDADE DE CONTROL

- 7.** Dar Conta do Expediente de Modificación de Crédito MC 21/2020.CE01/2020, MC 23/2020.GC08/20, MC 24/2020.GC09/20, MC 25/2020.GC10/20 e MC 26/2020.TC11/20
- 8.** Actividades de Control do Pleno:
 - 8.1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.
 - 8.2 Mocións
 - 8.3 Rogos e Preguntas

De conformidade co Decreto de Alcaldía número 2020/2542 de data 26 de outubro de 2020, onde se convocaba sesión ordinaria para o día 29 de outubro de 2020 e a posterior Dilixencia da Secretaria Xeral onde se informa que por Problemas Técnicos da Plataforma de Administración Electrónica de Xestión, non se puido celebrar a sesión ordinaria cando estaba previsto e onde se celebra a sesión ordinaria o día 05

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





de novembro de 2020, e reúnense mediante participación a distancia a través da sede electrónica da entidade, sendo ás vinte horas do 05 de novembro de 2020, baixo a presidencia da alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e a asistencia dos seguintes concelleiros:

GRUPO MUNICIPAL POPULAR REDONDELA (PP)

MARÍA CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ

MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA

NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA

IVÁN CRESPO RODRÍGUEZ

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS

MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ

ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

DAVID MUÍÑOS PORTELA

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REDONDELA (PSdeG-PSOE)

DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO

MARÍA CASTRO ABAD

IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO

MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS

GRUPO MUNICIPAL AGRUPACIÓN DE ELECTORES REDONDELA 2019 (AER)

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ

DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ

GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO REDONDELA (BNG)

XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

YÉSICA GARCÍA CRUZ

Asiste o interventor do concello, Ángel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria xeral, M^a Ángeles García Villaverde.

Unha vez verificado pola Secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que redacto a presente acta.

INCIDENCIAS:

1) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, a Corporación garda un minuto de silencio, como é habitual, en lembranza das vítimas da violencia de xénero, e especialmente por todos os falecidos e falecidas pola COVID-19.

A Alcaldesa, explica que se fai o Pleno telemático pola situación que estamos a vivir coa pandemia.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión Ordinaria 11/2020 do 24/09/2020

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria número 11/2020 do 24/09/2020.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





2 Aprobación do Convenio en Materia Expropiatoria entre o Concello de Redondela e AUDASA Concesionaria Española S.A para a Execución do Proxecto de Construción: “Reposición de Viario en Chapela (T.M. de Redondela). Autopista AP-9. Tramo: Enlace de O Morrazo-Enlace de Teis”. Clave: 19-PO-4920

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas e Patrimonio de data 26/10/2020, que di:

“ASUNTO: APROBACIÓN CONVENIO EN MATERIA EXPROPIATORIA ENTRE O CONCELLO DE REDONDELA E AUDASA CONCESIONARIA ESPAÑOLA S.A PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN: “REPOSICIÓN DE VIARIO EN CHAPELA (T.M. DE REDONDELA). AUTOPISTA AP-9. TRAMO: ENLACE DE O MORRAZO-ENLACE DE TEIS”. CLAVE: 19-PO-4920.

Consta proposta de convenio de data 15.01.2020 de AUDASA CONCESIONARIA ESPAÑOLA S.A PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN: “REPOSICIÓN DE VIARIO EN CHAPELA (T.M. DE REDONDELA). AUTOPISTA AP-9. TRAMO: ENLACE DE O MORRAZO-ENLACE DE TEIS”.

Esta proposta foi modificada tendo en conta distintas apreciacións do Concello de Redondela comunicadas a AUDASA, dando lugar a achega de nova proposta en data 04.08.2020.

Dito convenio ten por obxecto establecer as bases para o mutuo acordo no proceso expropiatorio necesario para a execución do antedito proxecto, polo que se encontra afectado inmovible propiedade en pleno dominio do Concello “Edificio de Correos”, sito no Camiño da Oliveira núm. 1, Bº Igrexa, Chapela (referenza catastral 7494004NG2779S0001JK).

No proxecto que o Ministerio de Fomento aprobou o 30 de novembro de 2011 para a execución de obras de ampliación de capacidade do tramo: Ligazón de Cangas-Enlace de Teis da Autoestrada do Atlántico. AP-9, recolleu a reposición e mellora de viario na súa contorna ao seu paso por Chapela.

Con todo, a instancia do Concello principalmente, considerouse conveniente un máis detallado e amplo estudo para que teña características técnicas adecuadas á situación actual da parroquia, polo que aínda non se executaron todas as previstas.

Na adenda ao convenio entre a Administración Xeral do Estado e Audasa aprobado por Real Decreto 1.733/2011, do 18 de novembro, polo que se modificaron determinados termos da concesión para a construción, conservación e explotación da autoestrada, para a ampliación de capacidade de diversos tramos, adenda aprobada por Real Decreto 1.359/2018, do 19 de outubro, acordouse a execución por Audasa

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





das obras necesarias para repoñer afeccións causadas a viarios nos lugares de Torreiro, Pasán, Camiño de Mouriño, Fonte Cornido e paso superior de Trasmañó.

En execución do disposto na cláusula Quinta da adenda, Audasa redactou e presentou no Ministerio de Fomento, para a súa preceptiva aprobación, o proxecto titulado “Reposición de viario en Chapela (T.M. de Redondela). Autoestrada AP-9. Tramo: Ligazón do Morrazo-Enlace de Teis. Clave: 19-PO-4920”, proxecto complementario do de ampliación de capacidade do citado tramo da autoestrada.

Entre os bens afectados no devandito proxecto atópase o inmovible descrito no punto 1, propiedade do Concello, identificado no anejo de expropiacións co núm. de orde 36.0045-0001, debidamente descrito na correspondente ficha individualizada de leiras e construcións afectadas e valorado en 111.316,80 euros, premio de afección non incluído.

Pola súa parte, o Concello de Redondela ten interese en recuperar a parcela sobrante do ben expropiado do predio núm. 61 (parcela CEIP Igrexa) da expropiación das obras de ampliación da capacidade AP-9. Tramo: Enlace de Cangas-Enlace de Teis. Provincia de Pontevedra, para ao seu destino a un uso dotacional público.

ANTECEDENTES:

Acordo do Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2015 aprobando a proposta de convenio de expropiación trasladado por Autopistas do Atlántico Concesionaria Española, S.A. Unipersonal (en adiante AUDASA), consistente na reposición do colexio CEIP Igrexa en Chapela expropiado, mediante a adquisición por ésta do terreo necesario e posterior construción dun novo colexio ao seu cargo en substitución do valor ou precio que lle correspondería en concepto de xustiprezo expropiatorio destinado a servizo público e uso escolar.

Cesión do terreo denominado Leitón en Cidadelle – Chapela, propiedade de AUDASA a favor do Concello de Redondela, en Escritura Pública co número de protocolo 790, de data 28 de outubro de 2015, da notaría de A Coruña de D. Isidoro-Antonio Calvo Vidal.

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, adoptado en sesión celebrada o 05/10/2017, aprobando o o proxecto público educativo para o novo CEIP en Cidadelle – Chapela, como proxecto público de urxencia ou excepcional interese.

Aprobación definitiva mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 29 de decembro de 2017, do proxecto de urbanización do proxecto público educativo Cidadelle, modificado mediante acordo do mesmo órgano de goberno de data 17 de xaneiro de 2019.

Concello de Redondela





Acta de entrega do 10 de setembro de 2019 ao Concello de Redondela por AUDASA, do novo edificio escolar construído pola mesma mercantil.

Posterior á demolición por AUDASA do CEIP Igrexa, o Concello solicita a AUDASA a reversión da parcela sobrante do predio núm. 61 (parcela CEIP Igrexa) da expropiación das obras de ampliación da capacidade AP-9. Tramo: Enlace de Cangas-Enlace de Teis. Provincia de Pontevedra, para ao seu destino a un uso dotacional público, tendo solicitado tamén polo Concello a demolición doutro edificio existente na parcela, coñecido como as antigas vivendas de mestres, por ser inaxeitada a súa rehabilitación para un uso dotacional público.

Consta proxecto de reposición de viario en Chapela (T.M. de Redondela). Autopista AP-9. Tramo: Enlace de O Morrazo-Enlace de Teis. Clave: 19-PO-4920, no que se prevé a expropiación por AUDASA, do edificio denominado antigo centro de saúde Chapela (actual edificio de Correos), referencia catastral 7494004NG2779S0001JK, titularidade do Concello de Redondela, no Inventario Municipal de Bens, no epígrafe 1A co número de orde de grupo e número de orde do inventario 94 e 94 respectivamente.

Consta informe emitido polo arquitecto municipal en data 12 de marzo de 2020, no que conclúe que se pode asinar o convenio proposto por ser os valores dos bens a permutar equivalentes.

Consta informe da Aparelladora municipal de data 03.04.2020 referido á titularidade municipal do Edificio de Correos afectado polo expediente expropiatorio.

Consta Providencia de inicio de expediente e memoria xustificativa do convenio asinados pola alcaldesa o día 16 de outubro de 2020.

Consta informe conxunto emitidos pola Secretaria xeral e Interventor municipais de data 22 de outubro de 2020.

Consistindo o convenio en determinar o xustiprezo de mutuo acordo, mediante a entrega ao Concello en virtude do proceso expropiatorio do “Edificio de Correos” a parcela sobrante do ben expropiado número 61.

Esta Presidencia, en virtude do que antecede, ten a ven propoñer á Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas que ditamine favorablemente a adopción polo concello Pleno dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto definitivo do Convenio co seguinte contido:

“CONVENIO EN MATERIA DE EXPROPIACIÓN FORZOSA

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





En la Casa Consistorial del Ayuntamiento de Redondela, a de de dos mil veinte.

REUNIDOS

De una parte: DOÑA DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, titular del DNI núm., Alcaldesa del CONCELLO DE REDONDELA (en lo sucesivo, el Concello), con sede en Rúa Alfonso XII, núm. 2, Redondela – Pontevedra (CP 36800) y NIF P-3604500, en representación del mismo, según lo previsto en el artículo 21.b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local.

Y de otra: DON JOSÉ CÉSAR CANAL FERNÁNDEZ, titular del DNI núm. 13.768.138-Q, en representación de AUTOPISTAS DEL ATLÁNTICO, CONCESIONARIA ESPAÑOLA, S.A., sociedad unipersonal (en lo sucesivo, Audasa), con domicilio en A Coruña, calle Alfredo Vicenti, núm. 15 y CIF A-15.020.522, en ejercicio de las facultades que tiene conferidas en escritura de poder de fecha 16 de octubre de 2019, otorgada ante el Notario de Madrid don José Blanco Losada bajo el número 4.689 de su protocolo, que causó la inscripción 255ª en el tomo 2.612 del archivo, Sección General de Sociedades, al folio 79, hoja número C-4.473, en el Registro Mercantil de A Coruña.

Tienen y recíprocamente se reconocen, según intervienen, la capacidad legal necesaria para la formalización de este convenio en materia de expropiación forzosa y al efecto exponen los siguientes antecedentes:

I.- Expropiación para la ejecución del proyecto titulado: Ampliación de la capacidad de la autopista (AP-9). Tramo: Enlace de Cangas-Enlace de Teis. Provincia de Pontevedra. Clave: 98-PO-9911

1. Por resolución de la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, de fecha 2 de julio de 2014, se acordó la incoación y tramitación del expediente de expropiación de los bienes y derechos de necesaria ocupación para la ejecución de la obra: "Ampliación de la capacidad de la autopista (AP-9). Tramo: Enlace de Cangas-Enlace de Teis. Provincia de Pontevedra. Clave: 98-PO-9911", en el que es Administración expropiante el Ministerio de Fomento y Audasa es la entidad beneficiaria de la expropiación según establece la Ley 8/1972, de 10 de mayo, de construcción, conservación y explotación de autopistas de peaje.

2. En virtud de resolución que la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia dictó el día 10 de marzo de 2015, se acordó ampliar a su totalidad la expropiación del Colegio Público de Igrexa, Centro de siete unidades escolares sito en la parroquia de Chapela, inmueble propiedad del Concello que estaba parcialmente afectado para la ejecución de la citada obra e identificado en el expediente como finca núm. 61.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





3. En sesión celebrada el día 31 de marzo de 2015 el Pleno del Concello aceptó la propuesta que formuló Audasa de sustitución del justiprecio por la expropiación del colegio por su reposición mediante la construcción de uno nuevo, dado el destino del bien expropiado de servicio público y uso escolar.

4. Levantada acta previa a la ocupación complementaria de la levantada el día 26 de septiembre de 2014, a fin de dar cumplimiento a lo dispuesto en la mencionada resolución sobre ampliación de la expropiación a la totalidad, el día 28 de octubre de 2015 las partes formalizaron acuerdo de expropiación, con carácter de justiprecio por mutuo acuerdo al amparo del artículo 24 de la Ley de Expropiación Forzosa.

5. Previa su adquisición el día 28 de octubre de 2015, en virtud de escritura que en la misma fecha autorizó en A Coruña el Notario don Isidoro Antonio Calvo Vidal bajo el número 790 de orden de su protocolo, Audasa cedió y transmitió al Concello el terreno sito en el lugar de Cidadelle-Chapela que éste había designado para la construcción del nuevo colegio y luego de la realización por éste de los pertinentes trámites urbanístico administrativos, la puesta del terreno a disposición de la empresa a la que aquella sociedad contrató la obra y autorizado su inicio en virtud de resolución núm. 2018/1922 de la Alcaldía, el nuevo edificio escolar construido, con las instalaciones y elementos que le son propios, fue formalmente entregado al Concello en el mes de septiembre de 2019 para su utilización como nuevo centro docente en sustitución del CEIP de Igrexa expropiado.

6. El importe total del justiprecio (adquisición de terreno, elaboración de proyecto y dirección de obra y construcción del nuevo edificio escolar) ascendió finalmente a la cantidad de 4.126.160,27 euros.

7. El día 14 de noviembre de 2019 el Concello de Redondela y Audasa suscribieron un acta para constancia de la formal entrega que aquel hizo de las llaves del antiguo Colegio Público de Igrexa y del total y definitivo cumplimiento del convenio de expropiación que las partes habían formalizado el día 28 de octubre de 2015.

II.- Expropiación para la ejecución del proyecto complementario titulado: "Reposición de viario en Chapela (T.M. de Redondela). Autopista AP-9. Tramo: Enlace de O Morrazo-Enlace de Teis". Clave: 19-PO-4920

1. El Concello es propietario en pleno dominio del inmueble sito en la parroquia de Chapela, municipio de Redondela --popularmente conocido como "Casa de Correos" por haberse prestado en él tal servicio-- cuya descripción, según el título, es la siguiente:

"Edificación en planta baja y piso alto, de nueve metros y veinte centímetros de fachada por ocho metros y sesenta centímetros de fondo, y una ampliación en

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





el lateral Este que se utiliza como escalera de acceso al piso alto de cinco metros y diez centímetros de longitud y un metro y diez centímetros de ancho, sumando la superficie total en planta de ochenta y cinco metros cuadrados, con una porción de terreno cercada por un murete de ladrillo que tiene una anchura de dos metros en la zona Oeste de la casa, que limita con la casa de Julia Gallego; de tres metros y diez centímetros al Sur de la casa, y de tres metros y treinta centímetros al Este, que limita con el camino de acceso a la Iglesia, estando unidas estas dos últimas porciones en forma de chaflán a sesenta centímetros del vértice Sureste de la casa. La porción de terreno circundante a la casa ocupa la extensión superficial de cincuenta y cuatro metros de patio cerrado, por lo que la finca en su conjunto ocupa la superficie de ciento treinta y nueve metros cuadrados. Linda todo: Norte, camino; Sur, finca particular y camino de acceso a la Iglesia; Este, casa de Julia Gallego; Oeste, camino de acceso a la Iglesia, que la separa de la Autopista del Atlántico, Acceso a Vigo.”

Título: Lo adquirió de Audasa a medio de escritura de compraventa que en Redondela autorizó el Notario don Ernesto Alonso Rivero el día 3 de agosto de 1983 con el núm. 971 de orden de su protocolo.

Inscripción registral: Referencia catastral: 7494004NG2779S0001JK, con un valor catastral (2019) de 30.344,12 euros.

El inmueble figura en el Inventario de Bienes del Concello de Redondela con el nombre de “Antigo centro saúde Chapelá”, en el epígrafe 1a Bens Inmobles, con los números de orden de grupo y de orden de inventario 94 y 94 respectivamente, y una valoración de 79.485,59 euros.

Cargas y situación posesoria: Se halla libre de cargas, gravámenes y de arrendamientos y en la actualidad está desocupado.

Se une como Anexo 1 copia del título de propiedad y ficha del IBM.

2. El proyecto que el Ministerio de Fomento aprobó el 30 de noviembre de 2011 para la ejecución de obras de ampliación de capacidad del tramo: Enlace de Cangas-Enlace de Teis de la Autopista del Atlántico. AP-9, recogió la reposición y mejora de viario de algún modo afectado a su paso por Chapelá.

No obstante, a instancia del Concello principalmente, se consideró luego conveniente un más detallado y amplio estudio para que tal viario tenga las características técnicas adecuadas a la situación actual de la parroquia, por lo que todavía no se ejecutaron todas las previstas.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





3. Por ello, en la adenda al convenio entre la Administración General del Estado y Audasa aprobado por Real Decreto 1.733/2011, de 18 de noviembre, por el que se modificaron determinados términos de la concesión para la construcción, conservación y explotación de la autopista, para la ampliación de capacidad de diversos tramos, adenda aprobada por Real Decreto 1.359/2018, de 19 de octubre, se acordó la ejecución por Audasa de las obras necesarias para reponer afecciones causadas a viarios en los lugares de Torreiro, Pasán, Camino de Mouriño, Fonte Cornido y paso superior de Trasmañó.

En ejecución de lo dispuesto en la cláusula Quinta de la adenda Audasa redactó y presentó en el Ministerio de Fomento, para su preceptiva aprobación, el proyecto titulado "Reposición de viario en Chapela (T.M. de Redondela). Autopista AP-9. Tramo: Enlace de O Morrazo-Enlace de Teis. Clave: 19-PO-4920", proyecto complementario del de ampliación de capacidad del citado tramo de la autopista.

Mediante resolución de la Dirección General de Carreteras, de 26 de junio de 2020, se aprobó provisionalmente como proyecto de trazado el citado proyecto, se declaró la urgencia del mismo a los efectos del trámite de información pública previa a la declaración de urgente ocupación de los bienes y derechos afectados para su ejecución y se ordenó a la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia la incoación del expediente de información pública en cuanto establece la Ley de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Reglamento General de Carreteras y la Ley de Expropiación Forzosa, así como llevar a cabo las pertinentes publicaciones y comunicaciones.

4. Entre los bienes afectados por dicho proyecto complementario se encuentra el inmueble descrito en el punto 1, propiedad del Concello, identificado en el anejo de expropiaciones con el núm. de orden 36.0045-0001, debidamente descrito en la correspondiente ficha individualizada de fincas y construcciones afectadas y valorado en 111.316,80 euros, premio de afección no incluido.

Se une como Anexo 2 la ficha individualizada de la finca y certificación catastral.

5. Una vez que el Ministerio de Fomento apruebe con carácter definitivo el proyecto y en consecuencia se produzca la declaración de necesidad de ocupación de los bienes y derechos afectados, habrá de tramitar el oportuno expediente de expropiación para la adquisición de los bienes y derechos que requiere la ejecución de la obra, que Audasa habrá de realizar en el plazo máximo de doce meses fijado en el párrafo segundo de la estipulación Séptima de la adenda.

III.- Acuerdo en materia de expropiación forzosa

Concello de Redondela





1. El Concello está interesado en la adquisición de la parte del antiguo colegio Igrexa de Chapela que no quedó materialmente ocupada por la autopista y que resulte innecesaria para posibles futuras ampliaciones y/o para necesidades vinculadas a su explotación, terreno que tiene una superficie total de 1.489 m².

Como Anexo 3 se une plano.

2. Para la ejecución del proyecto complementario de reposición de viario en Chapela, como se expuso en los puntos 4 y 5 del antecedente II, Audasa ha de adquirir el inmueble propiedad del Concello descrito en el mismo.

3. En aras del interés y servicio público que por una parte supone la disposición por el Concello en el centro de Chapela de un terreno que podrá destinar a los usos que considere más adecuados en beneficio de sus habitantes y por otra la ejecución por Audasa de la obra definida en el mencionado proyecto de reposición de viario en Chapela, las partes formalizan este CONVENIO EN MATERIA DE EXPROPIACIÓN

con sujeción a las siguientes CLÁUSULAS

Primera.- Por causa de la necesidad de su ocupación por resultar afectado para la ejecución del proyecto de construcción titulado: "Reposición de viario en Chapela (T.M. de Redondela). Autopista AP-9. Tramo: Enlace de O Morrazo-Enlace de Teis". Clave: 19-PO-4920, el Concello transmitirá a Audasa el inmueble descrito en el punto 1 del antecedente I, que lo adquirirá para incorporarlo al dominio público conforme a la normativa que le vincula por su condición de entidad beneficiaria de la expropiación.

La transmisión de dicho inmueble la realizará el Concello con sujeción a las siguientes condiciones y términos: (i) precio: 116.882,64 euros, premio de afección incluido; (ii) libre de cargas, gravámenes y ocupantes; y (iii) formalización, pago y entrega: el día señalado para el levantamiento de las actas de ocupación de los bienes y derechos de necesaria ocupación se formalizará a continuación la adquisición del inmueble por mutuo acuerdo al amparo del artículo 24 de la Ley de Expropiación Forzosa, salvo que el Concello quisiera anticipar tales actos.

Segunda.- Audasa informará favorablemente la reversión del antiguo colegio Igrexa de Chapela, esto es, la del terreno a que se refiere el punto 1 del antecedente III.

La transmisión reversional se sujetará a las siguientes condiciones y términos: (i) precio: 116.882,64 euros; (ii) libre de cargas, gravámenes y ocupantes; (iii) formalización, pago y entrega: en plazo no superior a quince días se levantará el acta de reversión, una vez aprobada esta por el Ministerio de Fomento, el Concello efectuará el pago a Audasa --que podrá compensar con el justiprecio a que se refiere el párrafo segundo de la cláusula anterior—y se hará la entrega del bien revertido.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Puesto que dicho inmueble figura todavía con su originaria descripción inscrito a favor del Concello en el Registro de la Propiedad de Redondela como finca núm. 10.833, tomo 272, libro 99, folio 150 (IDUFIR 360090000355696), Audasa se responsabilizará de la tramitación, a su cargo, de la adecuación entre la realidad registral y la extrarregistral.

Una vez firmado este convenio, Audasa informará favorablemente la petición del Concello al Ministerio de Fomento para que le permita la ocupación en precario del terreno a que hace mención el punto 1 del antecedente III con anterioridad a la formalización de la reversión si fuere necesario, comprometiéndose el Concello a su total desalojo en un plazo máximo de dos meses si luego por cualquier motivo fuere denegada la reversión.

Tercera.- *La eficacia de este convenio en materia de expropiación queda sujeta al cumplimiento de las siguientes tres condiciones:*

1ª) su aprobación por el Pleno municipal, si administrativamente fuere necesario;

2ª) la aprobación por el Ministerio de Fomento de la reversión del inmueble a que se refiere el punto 1 del antecedente III; y

3ª) la aprobación definitiva por el Ministerio de Fomento del proyecto que determina la necesidad de ocupación del inmueble que transmitirá el Concello.

Cuarta.- *Cualquiera que sea la causa, si la reversión del terreno a que se refiere el punto 1 del antecedente III fuere denegada, quedará sin efecto lo acordado en este convenio y, por lo tanto, el Concello podrá instar la tramitación de la fase de justiprecio del inmueble a que se refiere el punto 1 del expositivo II de acuerdo con el procedimiento establecido en la Ley de Expropiación Forzosa.*

Las partes firman este acuerdo, que está redactado en siete hojas de papel común escritas solo por su anverso, en el lugar y fecha expresados en su encabezamiento, en prueba de conformidad.

Concello de Redondela

Autopistas del Atlántico, CESA

Fdo./ Digna Rosa Rivas López

Fdo./ J. César Canal Fernández"

SEGUNDO.- *Que a eficacia deste acordo en materia de expropiación queda suxeita ao cumprimento do seguintes tres condiciones:*

1ª) a súa aprobación polo Pleno municipal;

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





2ª) a aprobación polo Ministerio de Fomento do proxecto que determina a necesidade de ocupación do inmovible que transmitirá o Concello "Edificio de Correos"

3ª) a aprobación polo Ministerio de Fomento da reversión do terreo de superficie total de 1.489m², do antigo colegio Igrexa de Chapela, que non quedou materialmente ocupado pola autoestrada e que resulta innecesario para posibles futuras ampliacións e/ou para necesidades vencelladas á súa explotación.

TERCEIRO. Que se proceda a súa formalización mediante sinatura pola Alcaldía, actuando como fedataria a Secretaría Xeral da Corporación.

CUARTO. Publicar o texto do convenio na sede electrónica municipal en cumprimento da obriga prevista no artigo 8.1.b. da Lei de Transparencia e bo goberno, 19/2013, de 9 de decembro.

QUINTO. No seu caso, remitir electronicamente copia do convenio, acompañada da correspondente memoria xustificativa, ao Rexistro Telemático do Tribunal de Contas.

Intervencións:

.../...

Votación e ditame:

A comisión informativa de urbanismo, infraestruturas e patrimonio, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, sendo 3 votos a favor (2 do PsdeG-PSOE e 1 de AER) e 1 abstención do PP, estimou oportuno ditaminar favorablemente a precedente proposta."

INTERVENCIONES:

A Sra. Castro le a proposta que se formula ao Pleno para a súa aprobación.

Expón que se pretende facer unha especie de permuta entre unha parcela que é de Audasa, expropiada no seu momento para realizar o novo CEIP, por outra edificación que está nun espazo público afectado pola reposición dos viarios e que ía ser expropiada. Audasa reverte este terreo sobrante do colexio Igrexa a cambio desta edificación a casa de Correos propiedade municipal, que vai expropiar no proxecto de reposición dos viarios.

Concello de Redondela





A Alcaldesa di que quere que quede claro como é o acordo para que os veciños e veciñas o vexan.

O Sr. González di que eles como cuestión do BNG, expoñen que se queremos ser atractivos para a veciñanza tamén hai que ter unha capacidade pedagóxica e de síntese dos asuntos que se traen, porque é unha cuestión complicada e extensa, é un tema que vén dilatándose no tempo, pero hai que facer que os veciños e veciñas se sintan identificados co que se debate, porque se non é totalmente desmoralizador. Opina que o equipo de Goberno tería que facer unha proposta entusiasta.

O que se vén dicir é un paso máis de que esta ampliación desastrosa para Chapela non serviu para resolver os problemas de tráfico de Vigo.

Vaise facer unha reposición de viarios no que está afectado o edificio de Correos e consiste nunha permuta co terreo sobrante do colexio.

Dende o BNG defendemos dende o principio que eses terreos deberan reverter ao Concello para algún proxecto dotacional. Deberíase construír un edificio multifuncional, sendo necesario para os diferentes colectivos que hai en Chapela e tamén consideran que poderían estar aí as oficinas de Servizos Sociais e outros servizos municipais.

Que hai un elemento que distorsiona que é o papel do PP, que está poñendo paus na roda, a un convenio no que a parroquia de Chapela non sae compensada, pero si hai unha vía para realizar un edificio que pode ser moi útil para a parroquia, o PP xa se desmarcou e quedou desautorizado das propostas do que se vai facer nestes terreos cando no seu momento defendeu un pelotazo urbanístico para adquirir un edificio ilegal, a cambio de que estes terreos se converteran en zona verde ou que non se construíra nada aí.

Defendemos xa nunha moción para que os terreos do colexio Igrexa reverteran na parroquia. Agora temos que facer un novo edificio e debería terse feito un estudo para ver o aproveitamento do antigo edificio do colexio Igrexa.

O Sr. Villar di, en relación a facer os plenos atractivos, que xa vai a dar bo espectáculo a voceira do PP. Este é un convenio parecido ao que se fixo no 2015 e cando gobernaba o PP era unha marabilla e agora non. Houbo un ridículo espantoso na prensa estes días que non entenden. Deberá explicar por qué esa reversión non ía nese convenio anterior.

Fala que lle saíu gratis ao Concello pero non socialmente porque o único que trouxo a AP9 foi sufrimento.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





A Sra. Amoedo, di que 35 minutos de exposición da concelleira de urbanismo, se poderían resumir nunha frase que é: A Alcadesa de Redondela mostra a súa pleitesía a Madrid e a Audasa. Que quedou amosada a capacidade de negociación da Alcadesa mostrando a súa pleitesía. Ao Sr. Villar dille que fíxese un pouco de memoria de cómo era a súa actuación nas xuntanzas de afectados.

Non foron quen de xuntarse coa asociación de veciños de Chapela e de afectados da AP9. Ocultan os documentos para que os veciños non saiban que van regalar a Audasa o que conseguiron os veciños de Chapela, veñen a regalar o que tanto loitaron os veciños e veciñas de Chapela.

A AP9 di o Sr. Villar que non lle da nada gratis a Chapela. Son vostedes os que lle regalan a Audasa. O convenio que se asinou no 2015 di que, a cambio dese terreo, o Concello de Redondela quedábase cun terreo de 35.000 m² e un colexio coa chave na man.

Esta é a diferenza entre os convenios, minimizan vostedes o valor dese edificio. Non foron quen de facer ningunha negociación con Audasa. Por unha esquina dun galpón do colexio Igrexa queríanos dar 3.000 euros e lle dixemos que non. Esa é a diferenza con vostedes. Estamos a falar de catro millóns de euros de investimento que fixo Audasa.

A Sra. Castro, contesta á Sra Amoedo, enganoso, falaz, ilusorio, quimérico, imaxinario, fantástico, insidioso, desleal, pérfido, aleivoso, infame ese é o resumo do seu discurso. Das súas palabras despréndese unha falta de ética que é inaceptable. O seu partido está a poñer os seus intereses por riba do dos veciños de Chapela. Non entendo que entende vostede por regalar. A Casa de Correos está expropiada, polo proxecto de reposición ao que se fixeron alegacións. A parcela 61, foi expropiada por Audasa e pagou máis de 4 millóns de euros. Expropiou esa parcela porque vostedes cando gobernaban solicitaron a expropiación da parcela completa. Se cría vostede tan necesaria esa parcela por qué non pediu a reversión. Entende este goberno que nesa parcela no centro de Chapela pódense facer infraestruturas necesarias. A reversión non é gratuíta, a reversión supón custe para o Concello de Redondela. O Concello nin paga nin pon. Non é capaz de recoñecer unha cousa ben feita por este goberno.

Explíqueme que quere dicir que o Concello vai a dar gratis unha casa a Audasa. No momento que firmemos o convenio podemos dispoñer destes terreos para facer unha modificación puntual da norma para que sexan dotacionais públicos.

O Sr. González, di que se enlama o PP e queda desautorizado para facer ningunha proposta. O que propuxo esa expropiación da casa de Correos foi o goberno de Javier Bas e por enriba engana a estes colectivos dicindo que van ter que deixar este edificio cando se firme este convenio. Mentres este concello pode traballar neste edificio multifuncional para estes colectivos que o necesiten.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





O PP ten un deputado no Congreso e pode facer todas as emendas que queiran para que este convenio quede baleiro de contido.

No ano 2015 apoiamos o convenio pola urxencia da construción do novo colexio aínda que non nos convencía.

Todo isto sae dos veciños e veciñas cos impostos que van ao sostenemento do Ministerio de Fomento.

Falaba a voceira do PP dun galpón, aí non había ningún galpón senón ferramentas educativas. Vostedes querían que este edificio fora un pelotazo urbanístico.

O Sr. Villar, rectifica a Sra. Amoedo porque di que a asociación de afectados de AP9 formouse no ano 2008 e polo tanto non puideron reclamar a reversión no ano 1981.

Deixaron de lado á asociación de veciños de Chapela ao que non lle consultaban as súas accións e decisións a estes colectivos.

Foron vostedes os que demandaron que se derribara ese edificio. Non entendo do que está a falar, a quen quere enganar vostede.

En canto á decisión futura do proxecto nesta parcela, debe participar a veciñanza. Non sabe a que vén os seus comentarios xa que as reversións hai que pagalas, como se pagou no ano 1983 ese edificio de Correos. Aquí non hai nada gratis.

Audasa non pagou nada, pagamos todos os cidadáns.

Le unha cita: os mestres da hipocresía e os fariseos da autoestrada.

“Entón falou Xesús á multitude e aos seus discípulos, os mestres da lei, os fariseos ensinan coa autoridade que vende Moises, polo tanto obedézano todos, obedezan vostedes ao Partido Popular e fagan todo o que eles lle diga. Pero non sigan o seu exemplo, porque eles din unha cousa e fan outra, señora Amoedo. Atan cargas tan pesadas que é imposible soportalas, e as botan sobre os lombos dos demais, señora Amoedo. Mentres eles mesmos non queren tocalas, nin sequera cun dedo, señora Amoedo. Todo o fan para que a xente os vexa, gústalle levar na fronte, os brazos das porcións e das escrituras en anchas tiras, e poñéndose roupas de grandes borlas, señora Amoedo. Queren ter os mellores lugares nas comidas e nos asentos de honra nas sinagogas e deseñas que a xente os saúde polas rúas e os chame mestres, señora Amoedo.”

Queren ser mestres, e non son mestres, son políticos borralleiros.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





A Sra. Amoedo, pídelle á Alcaldesa que regule o pleno e que lle diga ao Sr. Villar que retire a expresión de políticos borralleiros. E dille ao Sr. Villar que si vai retirar a esa expresión.

A Sra. Alcaldesa, di que non houbo nada pexorativo, que se o houbera xa ela pediría que se retirara, que para iso regula ao Pleno.

O Sr. Villar, di que borralleiro era un oficio no que se saía manchado, non é ningún insulto.

A Sra. Amoedo, di que se levan 40 anos pagando o terreo do colexio de Correos, temos todo máis que pagado, o que Audasa nos dea, porque Audasa machacounos. Porque nos anos de goberno socialista aceptaron todo o que quixo Audasa. A Sra. Rivas non sabe negociar, non está preparada. Por qué tanta presa, e non esperar a que se aprobara definitivamente o proxecto, que se pagara o edificio de Correos e despois pedir a reversión dos terreos e pedir un proxecto. Dábnos 3.000 por un galpón e déronnos ao final un terreo de 35.000 m2 e un colexio.

A Sra. Castro, di que cando a Sra. Amoedo comeza a poñerse nerviosa empeza a falar de insultos e a facer ese discurso sentimental que non lle sae. Está totalmente enganada. Todo o que di é falso. Os veciños estiveron aquí co primeiro convenio e estaban totalmente de acordo. Unha reversión implica un prezo, o que fai o Concello é deixar de pagar unha cousa a cambio doutra. Con este convenio estanse adiantando acontecementos. Cando algo non é do Concello non se pode facer un proxecto ao respecto. Esa casa será derrubada cando se aprobe o proxecto definitivamente. Conséguese con este convenio que teñamos a disposición os terreos dende a aprobación e temos o compromiso de Audasa de poder seguir utilizando a casa de Correos ata que comecen as obras. Non entendeu nada ou simplemente non quere recoñecer un éxito deste goberno.

A Alcaldesa, ten que ser a política da veciñanza, esta Alcaldesa conseguiu xa esta addenda e a gratuidade da peaxe, o que non fixeron en sete anos.

VOTACIÓN E ACORDO:

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 12 votos a favor, (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG) e 09 votos en contra do PP.

3. Aprobación da Modificación de Crédito MC 29/2020.SC 01/20 - Amortización Anticipada.

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda de data 26/10/2020, que di:

“En base ao expediente tramitado de modificación orzamentaria coma suplemento de crédito, en virtude da Memoria desta Alcaldía, empregándose como recurso de financiamento o remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Visto o informe da Intervención de 22 de outubro de 2020 con referencia ASR-22.10.20.1 con cinco páxinas e que consta de antecedentes, lexislación aplicable, seis consideracións e conclusión.

É por elo, que teño a ben propor á Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local:

Primeiro.- Aprobar o suplemento de crédito:

Suplemento de Crédito

APLICACIÓN	CONCEPTO	CONSIGNAC. INICIAL	INCREMENTO	CONSIGNAC. DEFINITIVA
0111A/9120005	Amortización do préstamo La Caixa	277.569,50 €	32.631,69 €	310.201,19 €

Segundo.- Que se continúe a tramitación do expediente, con posterior exposición pública, no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación. Así mesmo, facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin.

Terceiro.- Que se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente aprobado e se publicará no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación.

Cuarto.- Remisión de copia ó Estado e á Comunidade Autónoma.”

Concello de Redondela





INTERVENCIÓNS:

A Sra. Castro, le a proposta da Alcaldía.

Trátase dun suplemento de crédito para amortización de crédito. O Concello co remanente de Tesourería pode realizar unha serie de investimentos aprobados polo Pleno en 2019. Unha vez realizadas estas obras cóllense os sobrantes e utilízase para a amortización de débeda.

O Sr. González, refírese á intervención da Alcaldesa sobre que a gratuidade da peaxe era pola súa xestión e recorda o acordo de goberno entre PSOE e o BNG.

A Alcaldesa di que efectivamente todos tiveron que ver na súa medida.

Recorda o Sr. González a intervención da asociación de afectados da AP9 e corrobóralo a Alcaldesa.

Expón o Sr. González, do que se trata é de levar uns sobrantes de determinadas actuacións, dos remanentes do ano 2018 e 2019, onde un ano contou coa abstención do PSOE e outro co apoio de AER, referentes a obras que desenvolveu o PP gobernando. O BNG considerou naquel momento que non iba a apoiar aqueles remanentes, porque servían para repartir polas parroquias, sen ningún tipo de criterio; era unha utilización perversa do remanente. Non investir en políticas de carácter social, presentarse ante a veciñanza os números azuis, e coma a lexislación permítete facer certas obras que quero. A lexislación obriga a que estes sobrantes do remanente se reinvertan en amortización de débeda. Son 32.0000 euros. Formulábenselle moitas dúbidas acerca de como utilizar os remanentes, entendendo que a liña do equipo de Goberno debía ser o de ámbito social. Non se nos fixo caso, utilizáronse eses remanentes polo PP con visión clientelar para favorecer o seu número de votos. Aínda que a lei obriga a amortizar preséntansenos dúbidas porque os investimentos dos que veñen son de tipo clientelar do PP.

O Sr. Boullosa, expón que non lles xera moita dúbida este acordo. É unha cantidade inferior ao ano anterior. Non só pola execución das obras por una licitación de importe inferior, senón porque non hai tempo para executar máis obras, e parécelles un exercicio de liquidez de cara ao futuro.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





A Sra. Amoedo di que é un trámite que non ten máis historia. O Sr. González quere tirar dardos envelenados e non llos vai recoller. Recórdalle que non o quixeron no Goberno e que non ten autoridade para dicirlle a ela o que ten que falar. Ao grupo de Goberno dicirlle, que non traen a este Pleno iniciativas propias senón trámites. No primeiro punto un regalo a Audasa.

A Sra. Alcaldesa, dille que se centre no punto e lle recorda que é ela a que regula o Pleno. Dille que se centre no debate.

A Sra. Amoedo di que ela está moi centrada no seu debate, parece que está vostede descentrada na regulación do Pleno. Seguimos sen orzamento, seguen cos orzamentos do PP, coas obras do PP, os remanentes do PP, son incapaces de ter un proxecto propio. Están levando a Redondela á deriva. Incumpren cada un dos puntos do seu pacto de goberno, incluído o Sr. González que lle aplaude coas orellas.

A Sra. Castro di que quere deixar constancia que non é certo que no PSOE non quixeron que formara parte deste goberno e de tratar moitos temas ao contrario que co PP. Vostede non decide, non goberna. Se entende o procedemento administrativo, entenderá que hai competencias da Alcaldía, da Xunta de Goberno e do Pleno. Cando trae este Goberno asuntos ao Pleno é porque é da súa competencia, non porque queiramos a súa opinión, porque é sempre negativa. O 90% das actuacións do goberno apróbanse pola Alcaldía, cando se traen ao Pleno é porque é necesario.

O Sr. González, di que aínda que sexa un trámite vén ao Pleno e polo tanto hai que votar. Agora que o PP está na oposición, algúns dos que lle votaron deben estar dando cabezazos porque non fan nada construtivo.

Este sistema é o imposto pola lei Montoro, aprobada polo PP, é facerlle o traballo a un sistema neoliberal capitalista imposto dende as estruturas do estado. Que vostedes aforren o máximo posible, non fan investimento de carácter social e aínda por riba amortizan débeda. O concello non é unha empresa, ten que facer fronte a moitas necesidades e demandas sociais, máxime como se está na actualidade.

Concello de Redondela





A eles rénxelles esta proposta porque é amortizar débeda e haberá que instar ás instancias que proceda que os aforros se poidan investir nas veciñas e veciños. Haberá que traballar para cambiar a lexislación e por iso non podemos votar favorable.

O Sr. Boullosa, non sabe a que veñen estes debates, xa que se é un trámite e parécelle unha forma de marear a perdiz.

A Sra. Amoedo di que votarán a favor porque coñecen perfectamente os procedementos nun concello, pero se para vostedes é gobernar que ditar nun día 5 ou 10 resolucións da alcaldía. Teñen sen aprobar as axudas para os autónomos, axudas para a Covid creo que deron 3 ou 4, concesión de axudas de emerxencias social non chegan nin a 10, levan mes e medio sen profesor de linguaxe musical no conservatorio, iso non é gobernar.

A Sra. Castro aclara que a cantidade de 32.000 euros non significa lucrar o banco senón que é pagar a débeda, deixar de pagar xuros. Quere explicarlle á Sra. Amoedo que sempre que culpa a este goberno de non adiantar, e acaba culpando a funcionarios e funcionarias que non tramitan un expediente. As axudas da Covid houbo moitas solicitudes e onte fíxose a comisión de valoración, despois de moito examinar e requirir para que a maior parte posible non se quedaran atrás, e están a punto de saír as axudas de servizos sociais. A ver se para 2021 temos uns orzamentos que lle gustan. Le na prensa que quere axudar a voceira do PP e é unha pena que non recibira nunca unha chamada de axuda.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 19 votos a favor, (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE e 03 de AER) e 02 en contra do BNG

4. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos VI/2020

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda de data 26/10/2020, que di:

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 22 de outubro de 2020, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 17.766,91 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2020:

Número Factura	TERCEIRO	Importe	Funcional	Económica
630	B36049757-RECAMBIOS OCHOA, S.L.	1,57 €	1531A	2140000
629	B36049757-RECAMBIOS OCHOA, S.L.	7,22 €	1531A	2140000
628	B36049757-RECAMBIOS OCHOA, S.L.	194,37 €	1531A	2140000
2019FAC/64	76998761M-XACOBO ALXAN FIGUEROA	11,36 €	1531A	2269900
2019FAC/66	76998761M-XACOBO ALXAN FIGUEROA	282,51 €	1531A	2269900
2019FAC/65	76998761M-XACOBO ALXAN FIGUEROA	621,02 €	1531A	2269900
2019FAC/50	76998761M-XACOBO ALXAN FIGUEROA	210,76 €	1531B	2219900
633	B36049757-RECAMBIOS OCHOA, S.L.	14,75 €	1701A	2140000
43881	B36565794-INGATEC PROYECTOS Y ESTUDIOS, S.L.	1.150,24 €	1711A	6190000
C-11/2019	36045165W-ISABEL BLANCO FRANCO	750,00 €	2311B	2260600
1200189745	G28029643-SOCIEDADE XERAL DE	23,14 €	3341A	2090000

Concello de Redondela





	AUTORES E EDITORES SGAE			
1200189736	G28029643-SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	101,18 €	3341A	2090000
1200189747	G28029643-SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	92,57 €	3341A	2090000
1200189741	G28029643-SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	235,87 €	3341A	2090000
19	G36023802-SOCIEDAD LABREGO CULTURAL DE REBOREDA	250,00 €	3341A	2260909
001/2019	34993622L-JAVIER ARES ESPÍÑO	550,00 €	3341A	2260909
D/54	B36026490-PAZO DE SANTA TERESA S.L.	1.022,45 €	4321A	2260100
C202003	B36898369.SINSALAUDIO S.L.	12.100,00 €	4321A	2260200

”

INTERVENCIONS:

A Sra. Castro le a proposta.

Son facturas que entran no Concello de 2020 e que terían que entrar no 2019, porque se corresponden a servizos prestados nese ano.

O Sr. González di que estudaron a maioría das facturas que hai que pagar, déuselles información dende os servizos técnicos, pero requiren agora aclaración de dúas facturas que veñen do anterior equipo de Goberno do último tempo, unha dun net working redontur no pazo e unha obra firmada por M^a José Barciela un proxecto relativa a alameda de Redondela e que xustifique o concelleiro de cultura a factura de 12.000 euros que paga o Concello ao Sinsal Audio.

O Sr. Boullosa di que lle sorprenden tamén as facturas nomeadas e di que a do SinSal é unha factura do Goberno anterior, hai emails do aumento do patrocinio de 8.000 a 12.000 euros, pretendíase que se pagaran os gastos dos traslados do barco, botouse para atrás e por iso tardou a empresa en presentar a factura. O net working foi un acto

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





con empresas turísticas e o concelleiro de Turismo. Non son facturas do seu agrado pero chega o momento de aboalas.

A Sra. Amoedo, di que está moi ben que o equipo de Goberno traia unha proposta e pretende que se explique a proposta da Concelleira de Facenda por ela. Se non lles gusta non as traia. Se non lles gusta o patrocinio do festival SinSal fantástico da nosa contorna e das nosas illas. O do net working, iso é gobernar, ter ideas para un concello. Vir aquí a querer cuestionar a voceira do PP para que lle de explicacións o festival SinSal é un mellor dos festivais de España. Se non lles gusta vostedes están gobernando. Eso é un investimento para Redondela. Foron todo proxectos para impulsar Redondela o contrario que vostedes.

A Sra. Castro, dille a Sra. Amoedo que vostede debe explicar os proxectos os que lle corresponden ao seu Goberno, a responsabilidade deste goberno é pagar esas facturas aínda que non lle gusten os gastos. Todos sabemos que o acto do pazo de Santa Teresa non foi ningún acto para mellorar Redondela senón que foi un acto electoral. Quere que lle explique que é o cartel das obras da praza de Pontearreas que está sen licitar. En relación da outra factura é da dirección de obra dos xardíns da alameda, chegou en 2020 e este goberno ten que asumir.

O Sr. González, di que o que non quere debater é porque algo ten que ocultar, era lóxico que nun Pleno se lle explicase a cidadanía. Os carteliños xa sabemos que non valen de nada, perdeu Javier Bas as eleccións e o meteu na carpeta e marchou. Van a aprobar a proposta.

O Sr. Boullosa, di que como o Pleno queda gravado, se estas facturas son feitos consumados, son produtos contratados, porque non viñan con proposta de gasto. Ambas facturas viñan sen proposta de gasto firmadas por funcionarios e unha delas se aproxima polo seu importe 12.000 euros a un contrato menor. Se falamos de illas podemos falar da illa das mulleres ou a illa da memoria.

A Sra. Amoedo, reitera a importancia do festival SinSal. Si que deu as explicacións pero son facturas que se presentaron despois de deixar o Goberno e lle corresponden

Concello de Redondela





pagar a vostedes. Cando chegamos ao goberno había 2 millóns de euros de facturas sen contabilizar.

Agora se coñece Redondela polas obras chapuza da Deputación e por non limpar as praias.

Dende que se pon en marcha un proxecto, a xente merece coñecelo. Unicamente fan copia e pega do anterior Goberno. O único proxecto foi pintar bancos de cores polas parroquias, non axudar na Covid e non limpar as praias. Non foron quen de mostrar en ano e medio un proxecto.

A Alcaldesa, di que lle está faltando ao respecto dos colectivos LGTBI foron realizados por estes colectivos e non llo vou a permitir.

A Sra. Castro, di que por fin deu unha explicación do cartel da praza de Pontearreas, de 5 millóns de euros só fixeron a pista de skate dende o ano 2016 esas son as ideas, este Goberno nun ano xa ten todos os proxectos encamiñados. Menos mal que non tiñan feitos os proxectos porque non os quero. Van saír os nosos proxectos feitos con cariño e despois fale. Vostede non ten culpa. O seu xefe para non estar sentado na oposición marchou e a deixou con todo o petate.

Hai unha diferenza entre vostede e o seu partido e nós para moito mellor e aínda que nos leve máis tempo levar a cabo os nosos proxectos.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 12 votos a favor, (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG) e 09 abstencións do PP.

5. Aumento de Gratificacións VII/2020

ANTECEDENTES:

Concello de Redondela





Visto o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda de data 26/10/2020, que di:

“A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que estarán pendentes de aboar tras a nómina de outubro.

É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar aos empregados municipais.

No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgada polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.

Tendo en conta que a cantidade restante para acadar o límite do artigo 7.2.c) do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril é de 21.050,30 € pode darse cobertura á solicitude de gratificacións realizada polos departamentos de Policía, Medio Ambiente, Vías e Obras, Estatística e Secretaría por importe de 10.877,32 €.

Incorpórase o informe de Intervención con referencia ASR-16.10.20.4 de 16 de outubro de 2020 que consta de cinco páxinas.

En virtude do que antecede esta Presidencia propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ao Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 89.899,07€ cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”

INTERVENCIÓNS:

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





A Sra. Castro, di que é unha proposta moi repetitiva a estas alturas do ano. Trátase de aprobar a cantidade de 10.837 euros para abonar as gratificacións do persoal municipal. Le a proposta.

Son horas relacionadas coa pandemia, da policía local para colaborar coa celebración das feiras, reforzos da fin de semana, para o control de peche de terrazas, control de drogas... Di que o cadro de persoal está moi limitada na policía local, temos 16 persoas traballando xa que hai 6 axentes na academia e as persoas que están traballando non son suficientes. Son os decretos do Estado e da Xunta os que establecen que os concellos son os que temos que controlar estas medidas de prevención da Covid. Se hai algunha que necesite explicación consultamos e miramos aínda que xa se tratou na comisión informativa e o PP dixo que estaba de acordo coas horas extras realizadas en relación coa Covid.

O Sr. González, di que é recorrente este tema, hai departamentos que se lle achaca o control da pandemia. Hai unha boa resposta da cidadanía pero ás veces as mensaxes das administracións son contraditorias e iso crea desacougo. Ás horas que se adican á limpeza da senda da auga poderían introducirse nunha boa planificación e non son traballos urxentes como para facer horas extras. E valorar positivamente que a proposta do BNG de que se consultara aos traballadores para facer as horas extras e así se está facendo.

A Sra. Couñago, expón que procede a modificación da RPT e conseguir maior persoal en distintos departamentos que están facendo un esforzo. Se enviou a todo o persoal para que se apuntasen nunha lista. Isto xa se estaba facendo na gran maioría dos departamentos. En canto a limpeza da senda da auga ascende a 539,55 euros. Todo se tratou na comisión informativa e alí se presentou a dúbida e hai que indicar que estas horas están máis que xustificadas e pagar estas horas supón un aforro para o concello. Hai que dispoñer dun tractor, o desprazamento do tractor supón un tempo e así se deixa o tractor para que a limpeza prosiga pola tarde e evitar o desprazamento. Anteriormente o que se facía era pagar a unha empresa e hai unha factura de 5.445 euros, e este ano se están pagando 539 euros e a uns traballadores do concello. Explícase isto polas dúbidas presentadas na comisión polo concelleiro do PP. En canto as horas da policía local, é un departamento que ten escaseza de persoal e dende que xurdiu a Covid todas as administracións establecen unha serie de medidas pero o seu control se encomenda aos concellos, é moi fácil facer recaer esa responsabilidade no concello. Fai un chamamento para que cando se establezan medidas se doten os

Concello de Redondela





medios, porque aquí hai partidos representados a nivel nacional para que adopten as medidas que proceda ao respecto.

O Sr. Álvarez, manifesta que traen ao Pleno o mesmo, redundando nunha mala xestión do persoal, esixindo unha gran cantidade de horas extras que se abonan, estas son palabras do concelleiro do PSOE que as gratificacións deben ser por servizos extraordinarios e puntuais e facía referencia que o problema podía ser de non aprobar os orzamentos en xuño de 2018. Non van poñer en tela de xuízo as horas extraordinarias pola Covid, obviaron o tema de facer horas extras a policía local, pola policía nacional. En canto a limpeza da senda verde non fala dos gastos do gasóleo e de cuchillas. Hai horas de traballadores limpando camiños, traballos que tiña que facer a empresa e que lle están facendo gratuitamente. Xa dirá o concelleiro se se lle descuentan esas horas.

Recorda cando eles gobernaban, que se falaba por AER e votaban en contra e agora cambian e si que lle deron a volta á tortilla.

Vaian sacando os orzamentos e póñanse a traballar e fagan as cousas o mellor posible. As horas da Covid non as discuten.

A Sra. Castro, expón que pode chegar a entender con moito esforzo que tiveramos no ano 2020 preparados uns orzamentos. Non pensaría que chegado aquí no ano 2019 íamos a preparar os orzamentos que xa deberían estar feitos. Os orzamentos hai que aprobalos antes de que comece o ano e non os íamos facer os orzamentos que lle correspondían ao PP para ese ano e manifesta o compromiso de traer un proxecto de orzamento para o 2021.

As horas extra da limpeza da senda son un exemplo de boa xestión. Se soubera cales son as funcións da policía nacional, eles non poden facer un seguimento do cumprimento das ordenanzas municipais que son competencia do control da policía local. Este concello necesita unha modificación substancial da RPT e moitos aspectos relacionados co persoal como é a cobertura e a creación de bolsas de emprego. Sen non hai un mestre no conservatorio foi porque a mestra titular colleu unha excedencia e non se pode cubrir porque o PP non tiña unha bolsa para substitución de mestres de piano, de arquivo, de auxiliar administrativo, de arquitecto.... Este Goberno está arranxando as súas desfeitas.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





O Sr. González, di que o BNG sempre foi moi crítico co PP coas horas extras para mangonear pero consideran que os traballadores teñen que cobrar e se AER madura politicamente e entenden que agora hai que pagar as horas extras, parécelle ben. A planificación pode seguir fallando, e formulámonos unha dúbida sobre a senda da auga, e a motivación é que queda aparcado o tractor e aforran cartos. Pois o mellor non se aforra tanto cando o concelleiro de Medio Ambiente ande co coche polo concello. É un coche do concello para os traballadores e copiáronlle a idea ao PP.

Presente unha moción, para que se invista máis en persoal, e ímola apoiar, pero non veña xustificar o seu cambio de voto botando a culpa aos demais.

A Sra. Couñago, contesta ao voceiro do BNG di que ten algo con AER porque se deu por aludido cando non ía o comentario referido a vostede. Contesta ao concelleiro do PP e di que poden faltar gastos pero estamos falando dunha diferenza de 539 ata 5.400 e ademais sempre falan de que estamos privatizando e non é o mesmo pagar a un traballador que a unha empresa.

Dá un toque de atención á oposición, se propoñen medidas ou como levar a cabo as medidas da Xunta din que eles non están gobernando pero ao mesmo tempo sacan notas nas redes sociais e están xerando enfrontamento entre a veciñanza e aquí o importante é a saúde. Cando saíu o primeiro DOG e se falou de reforzar a policía local e sacou un titular o BNG que este concello estaba criminalizando á xuventude e se falou na comisión a supervisión na feira de oportunidades do comercio local. Non é a razón criminalizar a cidadanía que na súa maioría cumpre por uns poucos que non cumpren pero temos que cumprir coas nosas obrigas. Pero é unha responsabilidade do Goberno e tamén da oposición, non se trata de sacar unha nota sensacionalista senón establecer medidas que favorezan a toda a cidadanía.

O Sr. Álvarez, parécelle mal o que di o Sr. González respecto a que o PP caciquea coas horas extra e os demais non. A Sra. Castro di que aquí estamos para fiscalizar. Recórdalle á Sra. Couñago que as horas extras son para servizos extraordinarios e puntuais e estes traballos de limpeza da senda non son extraordinarios. A factura de que fala é a limpeza da senda dende Reboreda a Chapela, e estes traballos son só dunha zona. Cando eles gobernaban sempre votaban AER en contra, isto é xestión e se o fan mal o teñen que dicir. Vanse abster porque os traballadores teñen que cobrar pero as cousas hai que facelas mellor.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





A Sra. Castro, aclara varias cousas. Non lle gusta nada vir ao Pleno porque non lle gusta o ambiente que ás veces se xera neste órgano de Goberno e se toma moi en serio o que aquí se fai.

En canto á limpeza dos camiños se a empresa non fai os quilómetros non se pagan e que a senda está toda limpa, se non veñen as horas ao Pleno é porque non son horas extras. O Sr. González non puido vir á comisión informativa pero despois charlaron e preguntou por estas horas da senda verde. Por este Goberno non gustou moito este comentario do BNG de que intentabamos criminalizar a xuventude. Foi coñecedor de que había moitos grupos de xuventude que estaban incumprindo reiteradamente as normas e despois de ser advertidos varias veces pola policía, seguiron reiterando nunhas actuacións que poñían en perigo a saúde.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor, (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

6. Aprobación de Subvención Nominativa Club de Remo de Chapela (XXIV Bandeira de Bateis).

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa Economía e Facenda de data 26/10/2020, que di:

“Que o Orzamento do ano 2018 se aprobou definitivamente o día 31 de agosto de 2018 e foi publicado no BOP de Pontevedra o día 5 de setembro de 2018, número 171.

Para este ano 2020, dito Orzamento atópase prorrogado, sen que, salvo excepcións xustificadas, se prorrogaran as subvencións nominativas.

Na prórroga orzamentaria non constan os créditos precisos para a concesión das subvencións nominativas ás entidades que os viñan recibindo en anos anteriores.

A Intervención emitiu o seu informe de data 20 de outubro de 2020.

É por elo que teño a ben propoñer ó Pleno do Concello de Redondela:

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Primeiro.- Aprobación da seguinte subvención nominativa:

<u>PARTIDA</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>IMPORTE</u>
3411A.48901	Club de Remo Chapela (XXIV Bandeira de bateis).....	2.500,00

Segundo.- No caso de aprobarse esta proposta procederase á súa exposición pública polo prazo de quince días hábiles no Taboleiro de Anuncios trala súa publicación no BOP. No caso de que non houbera reclamacións á aprobación inicial, esta converterase en definitiva; no caso de que houbera reclamacións precisárase dunha nova aprobación por parte do Pleno. Finalmente procederase á publicación definitiva no BOP.”

INTERVENCIÓNS:

A Sra. Castro, explica que trae unha proposta de subvención nominativa por parte da Concellería de Facenda. Le a proposta.

Non se trouxo no mes de agosto porque non se tiña pensado facer a bandeira. Tíñase que celebrar no mes de abril e suspendeuse pola Covid e agora a federación autorizou a súa realización.

O Sr González, é un convenio nominativo que quedou no aire e tamén está no aire o regulamento para a súa regulación porque estes convenios foron sospeitosos, o novo equipo de Goberno quería modificar esta cuestión, levamos un ano e medio deste Goberno bipartito e non temos nada ao respecto.

Que o BNG non quixo desautorizar ao Goberno nas medias contra a Covid e non fomos desleais, e somos coñecedores dunhas situacións que sofren os mozos de Redondela e di que se ratifican na súa opinión. Se está intentando criminalizar aquí e fóra de Redondela a mocidade, e estase demostrando que non é un ámbito como o universitario onde se demostra que o índice de contaxios non é tan elevado e inciden outros aspectos como o transporte público ou os centros de ensino sen cumprir as distancias ou ir a factorías onde non se cumpren os mínimos.

A Sra. Couñago, di que non sabe que problema hai coa agrupación de electores. Esta entidade non solicitou a subvención no seu momento precisamente pola Covid. Ao final conseguiron celebrala con moi bo resultado e solicitaron a subvención. Estamos

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





traballando nun borrador para regular as subvencións nominativas e tedes razón en dicilo e por tanto facer autocrítica.

Dicía o Sr. González que ían detrás do equipo de Goberno, van detrás porque se lles ofreceu entrar no goberno e non quixeron polas súas razóns. É moi fácil estar na oposición e só poñer dúbidas e criticar. Nós damos a opción de que acheguen e cando damos esa opción non fan ningunha achega, o único que se recibiu foron críticas.

A Sra. Amoedo, manifesta que a Alcaldesa quedou retratada agora mesmo, tres grupos falan de todo menos do punto e non chamou atención Ven que non teñen interese na parte de control do Pleno da oposición.

A Sra. Castro, 2.500 euros para o clube de remo de Chapela para a realización da regata de bateis que se celebrou o día 13 de setembro deste ano.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor, (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

7. Dar Conta do Expediente de Modificación de Crédito MC 21/2020.CE01/2020, MC 23/2020.GC08/20, MC 24/2020.GC09/20, MC 25/2020.GC10/20 e MC 26/2020.TC11/20

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 21/2020.CE01/20 mediante o crédito extraordinario por importe de 762.559,22 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 06/10/2020

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 23/2020.GC08/20 mediante a xeración de crédito por importe de 123.245,91 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 23/09/2020

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 24/2020.GC09/20 mediante a xeración de crédito por importe de 519.712,71 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 25/09/2020 e posterior Resolución de Corrección de Erros de data 25/09/2020

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 25/2020.GC10/20 mediante a xeración de crédito por importe de 166.847,16 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 30/09/2020

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 26/2020.TC11/20 mediante a transferencia de crédito por importe de 19.897,19 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 26/10/2020

O Pleno do concello queda informado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

8. Actividades de Control do Pleno.

8 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía.

Lembra a Alcaldesa que se comeza antes a gravación do pleno e non chega ata as 12 da noite. Confirma a Sra. Secretaria que a gravación comeza ao abrir a videoconferencia e dura catro horas polo que remata sobre as 11:30 ou 11:40 horas.

A Alcaldesa pregunta que preferencia teñen os grupos políticos, xa que hai tempo para tratar unha moción ou rogos e preguntas.

O PP informa que escolle tratar Rogos e Preguntas.

O BNG informa que escolle tratar moción, ademais.

AER informa que lle é indiferente e posto que a primeira moción é do PP que escollan eles.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





8 . 2 Mocións.

Non se tratan.

8.3 Rogos e Preguntas

ROGOS:

Rogos formulados polo GPM PP relativa á Mesa de Reactivación Económica (Rex. Entrada 28.10.2020, 2020-E-RE-3.820).

“O pasado 24 de abril, convocaron a primeira Mesa de Reactivación Económica, a iniciativa do Grupo Popular, para axudar aos sectores mais afectados pola crisis provocada pola Pandemia.

Comentaba a Concelleira de Economía e Facenda, que tratarían de perfilar una folla de ruta para apoiar o sector comercial, contemplando actividades de promoción e dinamización, exención de taxas e outras iniciativas.

Tamén a Alcaldesa sinalaba que se recollerían medidas para un plan de choque, incluíndo campañas de sensibilización para promover o comercio. Incluso, afirmaba que era o momento idóneo para comezar a traballar coa vista posta no día despois.

O 4 de Maio foi a derradeira vez que se convocou a Mesa de Reactivación con todos os representantes. Dixeron que se comezarían a traballar en medidas concretas que contribuirían a recuperación social e económica, na maior brevidade de tempo. Que se recollían mais de 100 propostas para o estímulo económico. E atacounos, dicindo que o Partido Popular estaba mais preocupado en poñer pedras no camiño e paus nas rodas.

O 21 de Xulio, alumeáronos a todos con unha noticia en prensa, onde prometía casi dous millóns de Euros para reactivar a económica local. Contemplando mais de 50 novas contratacións e axudas de 300 e 400 euros ás familias afectadas.

No mesmo día, solicitamos acceso ao Plan de Reactivación Económica do Concello de Redondela, comunicándome a Alcaldesa que o documento será presentado a todos e todas as integrantes de Mesa de Reactivación.

Xa van seis meses dende a primeira convocatoria, e casi cinco dende a ultima.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Aínda non se coñece ese plan de reactivación económica, nin as súas medidas.

Xa fai mais de tres meses que anunciou na prensa, aos catro ventos, un hipotético Plan de Reactivación.

- O Plan de Reactivación non chega
- Cero Subvencións os autonom@s
- Os Hosteleir@s non tiveron rebaixas nas taxas nin de terrazas nin do lixo (si tiveron salvamanteis en galego)

Por todo isto, lles **ROGAMOS unha vez mais** procedan a convocar a Mesa de Reactivación Económica de maneira urxente. Que dunha vez, se atenda o tecido comercial, empresas e autónomos, que están abandonados polo Concello dende que se iniciou a Pandemia e aínda hoxe, non recibiron un euro do Concello.”

Lee o Sr. Crespo o rogo sobre a Mesa de Reactivación Económica. A Alcaldesa dille que se centre no rogo e non faga unha exposición que para isto está a moción.

A Alcaldesa di que xa comentou a Concelleira de Facenda que xa está convocada a comisión.

Rogos formulados polo GPM PP relativa a convocatoria de Axudas de Comedor Escolar (Rex. Entrada 28.10.2020, 2020-E-RE-3.820).

“Que se resolvan de xeito inmediato a Convocatoria de Axudas de Comedor Escolar, que a día de hoxe 29 de Novembro e mes e case dous meses despois do comezo do Curso Escola, inexplicablemente todavía non están resoltas, a Alcaldesa como Concelleira de Servizos Sociais despois de Cesar nesta área a Marta Alonso, non foi quen de por en marcha un plan de actuacións prioritarias dentro dunha área que dende hai meses debería ser o eixo central deste goberno. Con estas axudas preténdese garantir a escolarización, compensar potenciais carencias de tipo familiar ou económico, promover a conciliación da vida familiar e laboral, evitar situacións de risco social e asegurar unha nutrición axeitada, estas axudas son vitais para moitas familias vulnerables que garanten como mínimo unha comida o día os seus fillos o poder asistir o comedor escolar Esquecense unha vez máis do que é importante, xa teñen adxudicada a barredora para o Concello, as motos da Policía Local, pero as axudas de comedor non, están vostedes nun total desgoverno.”

Le Sra. Bastos o rogo sobre as subvencións dos comedores sociais.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





A Alcaldesa di que non vén a conto esa demagogia e esa comparación.

Rogos formulados polo GPM PP relativa á contratación de un Mestre para o Conservatorio municipal Victor Ureña (Rex. Entrada 28.10.2020, 2020-E-RE-3.820).

“Que se cubra de xeito inmediato a praza que deixou vacante a mestra que pediu o 24-09 unha excedencia, xa que O Conservatorio Victor Ureña de Redondela comenzou o seu curso a principios de Setembro , este é o único Conservatorio de Galicia dentro das Escuelas de Unesco. Parecenos preocupante que a día de hoxe e dende mediados de setembro que vostedes son coñecedores de que a profesora de Lenguaxe musical, Coro, Historia da Música, Novas Tecnoloxias, Piano complementario e Piano na Escuela, pediría unha excedencia, non foxen quen de aprobar as bases para sacar a praza, a Concelleira de Ensino que só se dedica precisamente a esta área é incapaz de por en marcha un proceso de selección en mais de mes e medio o que supón para os nenos e nenas que siguen pagando as mesmas taxas a pesar de ver mermadas as súas clases,.Deben por en marcha tamén unha aula virtual, xa que a día de hoxe hai alumnos do conservatorio que están confinados e non teñen posibilidade de asistir as clases de xeito virtual. Recorden que o noso Conservatorio está recoñecido a nivel internacional, e vostedes ca súa indiferencia e a súa incompetencia están a por en risco o traballo tan ben feito durante moitos anos”

A Sra. Amoedo le o rogo a cobertura de xeito inmediato o posto que deixou o 24 de setembro o posto de mestre de piano. E que se poña en marcha a aula virtual.

Que conste en acta que a Alcaldesa non lle deixa intervir nunha cuestión de orde.

Di a Alcaldesa que se centren no rogo e senón que presenten unha moción.

Rogos formulados polo GPM PP relativa á apertura do Parque Infantil A Xunqueira (Rex. Entrada 28.10.2020, 2020-E-RE-3.820).

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





“O novo Concelleiro de Parques e Xardíns, xa que a súa compañeira, Marta Alonso foi cesada pola Alcaldesa, está claro que o cese foi pola nefasta xestión, e a súa incapacidade de por en marcha en un ano e medio nin unha soa proposta nova, tanto en parques, como en Xardíns, polo que lle rogamos o novo Concelleiro que, reparen e que abran de xeito inmediato O Parque infantil de A Xunqueira, xa que non pode ser utilizado polas nenas e nenos de Redondela dende antes do comezo do confinamento. As instalacións foron pechadas ao público sen primeiro levar un técnico e valorar as necesidades do propio parque, sen facer unha memoria e sen ter un orzamento. É resulta como mínimo curioso que o vallado foxe instalado por unha empresa que leva facendo publicidade gratis durante meses e que agora resulta ser a empresa contratada para reparar este parque algo sospeitoso.

Este peche non está xustificado durante un período tan prolongado, xa que si vostedes detectaron un elemento que estaba en mal estado, puideron reparalo provisionalmente e non ter así que cerrar o parque, unha vez máis a sua falta de previsión fixo, que meteran a unha empresa que desmontou o parque e o deixou inutilizado.

Todos entendemos que se peche un parque durante a súa reparación, pero resulta incomprendible que se manteña esa situación durante meses, e mais cando non se están a facer as labores de mantemento previstas.”

A Sra. Barciela le o rogo referido ao concelleiro de parques e xardíns para a apertura do parque da Xunqueira que leva 8 meses pechado.

PREGUNTAS:

Pregunta formulados polo GPM PP relativa á Remodelacións de Parques Infantís (Rex. Entrada 28.10.2020, 2020-E-RE-3.820).

“Nestes últimos meses estamos vendo como dende a Concellalía de Parques e Xardíns cando estaba como Concelleira responsable Marta Alonso, se estaban a facer reparacións de parques sen propostas de gastos ou no seu caso con orzamentos onde faltaban partidas, como pasou ca reparación do Parque de A Teixeira, o de Chan das Pipas ou o da Nogueira.

O día 12 de setembro a Alcaldesa saca unha nota de prensa con foto, por suposto, onde di literalmente “que os parques terán unha profunda transformación e que non será un mero lavado de cara”. Pois ben como xa no primeiro parque que vostede vende como renovado que é o Parque de A Nogueira, xa empeza incumprindo a normativa xa que esa valla que vostede vende non se pode montar nun parque infantil xa que é o que se denomina como “valla de atrapamento”, curiosamente tampouco

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





aparece no orzamento a partida co importe da valla e a súa colocación, tampouco a partida da Canasta nin a súa colocación, si ademáis temos en conta que ante a nosa petición por escrito de acceso as propostas de gasto de A Teixeira e Chan das Pipas a propia Alcaldesa nos contesta que non consta nin expediente nin propostas de gasto, e tendo coñecemento ademáis de que dúas empresas distintas interviron no desmontaxe e montaxe dun mesmo Parque, por todo isto facemoslle as seguintes **preguntas** o Concelleiro Alberto Álvarez.

1. ¿Cal é o motivo polo que non aparecen no orzamento que se adjudicou, os elementos colocados, tanto a valla como a canasta no Parque de a Nogueira?
2. ¿ De que xeito se van a pagar as reparacións a dúas empresas distintas do mesmo parque no caso de o da Teixeira?
3. ¿Cómo pensan vostedes resolver estos graves erros?"

Le a Sra. Barciela a pregunta sobre o parque da Nogueira. Non aparece a factura da colocación da valla e a colocación dunha canastra. Pediuse varias veces a Intervención sen resultado e por que non aparece na memoria esa valla e esa canastra.

A Alcaldesa contesta esa pregunta porque o concelleiro novo non estaba nese momento. Parécelle moi curioso que o PP e sobre todo vostede Sra. Barciela que está agora moi preocupada polos parques, e nos oito anos eses parques non se preocupou. Que se nos presentou por escrito ao entrar un informe que di como estaban eses parques incluído o referido a este parque da pregunta e tamén o referido no rogo. Non existe un inventario dos parques infantís, nin unha inspección dos mesmos, nin o certificado anual que obriga a normativa vixente. Non o digo eu, nin este equipo de Goberno, senón unha empresa especialista que ao mes de estar no Goberno presentou este informe por rexistro.

O parque da Nogueira xa tiña unha canastra, non sei que tanto lle preocupa agora unha canastra que xa estaba. En canto á valla e agora se puxo como ten que estar regulamentada. Non vou entrar no debate das empresas.

Na Teixeira non hai dúas empresas e fíxose unicamente unha proba dun pintado e non se fixo nada máis. Como teñen tanto tempo libre en lugar de ver o ben para este Goberno.

Graves erros son os que teñen vostedes onde non teñen ningún parque sen garantía e o parque da Nogueira vai ser o primeiro parque que vai ter esta garantía. O parque da Xunqueira cando fomos a cambiar a valla nos demos conta de que había unhas

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





necesidades máis grandes e se pediu unha subvención das baixas do Plan Concellos e por iso tardou pero xa se está executando dende hai unha semana.

Queda contestada a pregunta.

Non vai consentir estas faltas de respecto no escrito

Pide que se respecte e que lle deixen contestar.

E sendo as vinte e tres horas e vinte e cinco minutos do día indicado no encabezamento, a Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.

